

Catálogo editorial

decembro 2011 - xaneiro 2023



Colección principal

1. *Servizo de Correos* Charles Bukowski

Traducida do inglés por Alejandro Tobar.
978-84-939647-0-2 / 16,50 € / 204 páxinas
Obra de culto que inaugura a corrente do realismo sucio na literatura dos EUA.
Publicada en decembro de 2011.

2. *O forasteiro misterioso* Mark Twain

Traducida do inglés por Alejandro Tobar.
978-84-939647-1-9 / 14,75 € / 152 páxinas.
Ocorrente análise sobre a condición humana e as miserias das relixións ambientada no século XVI en Austria.
Publicada en decembro de 2011.

3. *Cita con Rama* Arthur C. Clarke

Traducida do inglés por Alejandro Tobar.
978-84-939647-2-6 / 17 € / 300 páxinas.
Clásico entre os clásicos da ciencia ficción.
Aventura especial liderada por Norton, comandante da nave espacial *Endeavour*.
Publicada en abril de 2012.

4. *Venecias* Paul Morand

Traducida do francés por Alejandro Tobar.
978-84-939647-3-3 / 15 € / 176 páxinas.
Percorrido lírico pola singular historia veneciana; abrangue unha vida de recordos e fitos persoais.
Publicada en abril de 2012.

5. *Locus Solus* Raymond Rousell

Traducida do francés por I. Soto e X. Senín.
978-84-939647-4-0 / 16,50 € / 296 páxinas.
Obra de corte experimental de enorme influencia no surrealismo e as vangardas.
Unha alfaia literaria e asemade un reto.
Publicada en xullo de 2012.

6. *Angel Esquire* Edgar Wallace

Traducida do inglés por Alejandro Tobar.
978-84-939647-5-7 / 14,75 € / 176 páxinas.
Novela policial dun dos autores máis prolíficos da súa época, cun criptograma que a enmarca nas chamadas novelas de enigma.
Publicada en xullo de 2012.

7. *Unha vida violenta* Pier Paolo Pasolini

Traducida do italiano por Gonzalo Vázquez.
978-84-939647-6-4 / 18 € / 400 páxinas.
Obra de gran crudeza sobre as condicións de miseria na periferia romana. Finalista do Premio Sterga de 1959.
Publicada en outubro de 2012.

8. *Oroonoko* Aphra Behn

Traducida do inglés por M^a Fe González.
978-84-939647-7-1 / 12 € / 104 páxinas.
Novela do XVII sobre o colonialismo británico que narra unha relación amorosa entre escravos e describe o *bo salvaxe*.
Publicada en outubro de 2012.

9. *Un home do pobo* Chinua Achebe

Traducida do inglés por Begoña R. Outeiro.
978-84-939647-8-8 / 16,50 € / 196 páxinas.
Aborda as relacións de poder nas institucións africanas, subliñando o ambiente caciquil e a violencia explícita.
Publicada en decembro de 2012.

10. *Elias Portolu* Grazia Deledda

Traducida do italiano por Isabel Soto.
978-84-939647-9-5 / 14,50 € / 176 páxinas.
Obra cumio da premio Nobel sarda. Amais da fondura psicolóxica, destaca o seu tratamento dos ambientes rexionalistas.
Publicada en decembro de 2012.

11. *A asasina* Alexandros Papadiamandis

Traducida do grego por S. Losada e M. Olivar.
978-84-941211-0-4 / 15 € / 144 páxinas.
Obra mestra das letras gregas. Amosa as condicións de vida miserables dunha sociedade insular e o remedio extremo da protagonista.
Publicada en abril de 2013.

12. *As valgadas bravas* Raimon Casellas

Traducida do catalán por Eduard Velasco.
978-84-941211-1-1 / 14,50 € / 170 páxinas.
Primeira novela modernista en lingua catalá.
Precursora do naturalismo rural.
Publicada en abril de 2013.

13. *Maria* Mary Wollstonecraft

Traducida do inglés por M^a Fe González.
978-84-941211-2-8 / 15 € / 180 páxinas.
Novela fundacional do feminismo literario.
Publicouse de maneira póstuma en 1798 e expón con acerto a cuestión da clase social.
Publicada en xullo de 2013.

14. *O afundimentos do Titán* Morgan Robertson

Traducida do inglés por Alejandro Tobar.
978-84-941211-3-5 / 12 € / 184 páxinas.
Celebrado exemplo de serendipia literaria.
Narrada con gran fluidez, é a obra máis coñecida do seu autor.
Publicada en xullo de 2013.

15. *A irmandade da uva* John Fante

Traducida do inglés por Adrián Estévez.
978-84-941211-4-2 / 16 € / 232 páxinas.
Historia de perdedores con Henry Molise, áter ego do autor, como protagonista. En parte, un axuste de contas literario.
Publicada en outubro de 2013.

16. *O castelo dos Cárpatos* Jules Verne

Traducida do francés por Alejandro Tobar.
978-84-941211-5-9 / 14,50 € / 188 páxinas.
Historia clásica narrada coa habitual mestría de Verne. Trátase dunha sátira das crenzas populares e entronca co racionalismo.
Publicada en outubro de 2013.

17. *Mel de abellón* Torgny Lindgren

Traducida do sueco por Marta Dahlgren.
978-84-941211-6-6 / 15 € / 136 páxinas.
Conta a historia de dous irmáns, Hadar e Olof, que viven ensumidos na soidade.
Gañou o Premio August de 1995.
Publicada en decembro de 2013.

18. *Pasaia blues* Harkaitz Cano

Traducida do éuscaro por Isaac Xubín.
978-84-941211-6-6 / 15 € / 136 páxinas
Novela que desenvolve unha trama política e policial nunha vila portuaria donostiarra. De estrutura fragmentaria e fondo lúgubre.
Publicada en decembro de 2013.

19. *Pescador de Islandia* Pierre Loti

Traducida do francés por Xavier Senín.
978-84-941211-8-0 / 15 € / 260 páxinas.
Evocadora novela marítima ambientada na Bretaña. Pouso clásico. Gozou de gran popularidade no seu tempo, gañou o Premio Vitet.
Publicada en abril de 2014.

20. *A besta na xungla* Henry James

Traducida do inglés por Alejandro Tobar.
978-84-941211-9-7 / 12 € / 84 páxinas.
Novela curta de busca ambigüidade ao redor dunha historia persoal entre dous personaxe de gran sensibilidade.
Publicada en abril de 2014.

21. *As covas de aceiro* Isaac Asimov

Traducida do inglés por Alejandro Tobar.
978-84-942005-5-7 / 16,50 € / 296 páxinas.
Thriller robótico que se atopa entre o mellor da extensa produción novelística de Asimov.
Aborda as relacións entre humanos e robots.
Publicada en xullo de 2014.

22. *A Eva futura* A. Villiers de L'Isle-Adam

Traducida do francés por I. Soto e X. Senín.
978-84-942005-6-4 / 15,50 € / 416 páxinas.
Literatura simbolista vinculada á anticipación científica e vencellada en parte cos postulados decadentistas e materialistas.
Publicada en xullo de 2014.

23. *Un matrimonio provinciano* M. Colombi

Traducida do francés por Isabel Soto.
978-84-942005-7-1 / 12 € / 104 páxinas.
Obra breve de gran calidade literaria sobre a vida dunha fantasiosa moza que bota man da retranca para denunciar os convencionalismos.
Publicada en outubro de 2014.

24. *Jude o escuro* Thomas Hardy

Traducida do inglés por M^a Fe González.
978-84-942005-8-8 / 17 € / 504 páxinas.
Un dos cumios da literatura inglesa do XIX. Conta a vida e penurias de Jude Fawley na ficticia Wessex.
Publicada en outubro de 2014.

Catálogo editorial

decembro 2011 - xaneiro 2023



Colección principal

25. *Historia dunha granxa africana* O. Schreiner

Traducida do inglés por Begoña R. Outeiro. 978-84-943230-2-7 / 15,50 € / 364 páxinas. Novela surafricana de feito realista centrada na vida de tres irmás nunha granxa bóer na semidesértica rexión do Karoo. Publicada en decembro de 2014.

26. *A infancia dun xefe* Jean-Paul Sartre

Traducida do inglés por Ánxela Gracián. 978-84-943230-1-0 / 12 € / 100 páxinas. Recrea o ambiente convulso que precedeu ao auxe do fascismo. Novela de formación distinguida co Premio Populista de 1939. Publicada en decembro de 2014.

27. *Kollocaína* Karin Boye

Traducida do sueco por Marta Dahlgren. 978-84-943230-4-1 / 15 € / 190 páxinas. Distopía de culto das letras nórdicas anterior aos clásicos de Orwell ou Huxley. Protagonizada por Leo Kall, no contexto dun Estado Mundial. Publicada en abril de 2015.

28. *O xinete do cabalo branco* Theodor Storm

Traducida do francés por Rosa Marta Gómez Pato. 978-84-943230-3-4 / 13 € / 136 páxinas. Novela curta narrada consonte os códigos costumistas, precursora do naturalismo no contexto xermanófono. Publicada en abril de 2015.

29. *Noutro planeta* Porfirí P. Infántiev

Traducida do ruso por Irina Stepánova. 978-84-943230-5-8 / 13 € / 124 páxinas. Un dos primeiros textos de ficción rusos con Marte como escenario. Reproduce os ideais socialistas, que a finais do XIX aínda non chegaran. Publicada en xullo de 2015.

30. *Un amante fanstasma* Vernon Lee

Traducida do inglés por Antía Veres. 978-84-943230-6-5 / 12 € / 96 páxinas. Novela curta de atmosfera sobrenatural con toques góticos e vitorianos. Un exemplo do mellor da *ghost story* inglesa. Publicada en xullo de 2015.

31. *Un mapa do lar* Randa Jarrar

Traducida do inglés por Moncho Iglesias. 978-84-943230-8-9 / 16 € / 288 páxinas. Narra a vida de Nidali de Boston, filla dun palestino e unha greco-exipcia. Arredor da identidade e a pegada da migración. Publicada en outubro de 2015.

32. *No ceo* Octave Mirbeau

Traducida do francés por Xavier Senín. 978-84-943230-9-6 / 13,50 € / 168 páxinas. Novela do XIX ao redor das pulsións artísticas de dous homes: Georges, un escritor frustrado, e Lucien, pintor inspirado en Van Gogh. Publicada en outubro de 2015.

33. *Cando levanten as brétemas* J. Mlakić

Traducida do croata por Jairo Dorado. 978-84-943230-2-3 / 16 € / 190 páxinas. Relata as vivencias do protagonista, Jakob Serdar, durante a guerra que derivaría na creación da República de Bosnia e Hercegovina. Publicada en decembro de 2015.

34. *Mocidade* Joseph Conrad

Traducida do inglés por Alejandro Tobar. 978-84-943230-1-6 / 11,50 € / 66 páxinas. Novela mariñeira que narra a travesía oceánica do *Judea*, un navío emblemático. O protagonista é o mesmo Charles Marlowe de *Lord Jim*. Publicada en decembro de 2015.

35. *Unha desolación* Yasmina Reza

Traducida do francés por Xavier Senín. 978-84-943230-5-4 / 14 € / 100 páxinas. Combate verbal e introspectivo de Samuel, un vello excéntrico e melancólico, misántropo e existencialista. Publicada en abril de 2016.

36. *Últimas cartas de Jacopo Ortis* Ugo Foscolo

Traducida do italiano por Isabel Soto. 978-84-943230-4-7 / 15 € / 192 páxinas. Primeira novela epistolar da literatura italiana. Temática sentimental, con gran carga histórica e identitaria. Publicada en abril de 2016.

37. *A señorita Else* Arthur Schnitzler

Traducida do alemán por Rosa Marta Gómez Pato. 978-84-945403-2-5 / 13 € / 94 páxinas. Novela psicolóxica que denuncia a degradación do humanismo e a primacía dos intereses creados. Un dos maiores éxitos do autor vienés. Publicada en xullo de 2016.

38. *A contrafío* Joris-Karl Huysmans

Traducida do francés por Isabel Soto. 978-84-944422-9-2 / 16,50 € / 322 páxinas. Novela total e cumio do decadentismo. Narra a vida do duque Des Esseintes e a súa entrega á bohemia e ao delirio. Publicada en xullo de 2016.

39. *Colleita vermella* Dashiell Hammett

Traducida do inglés por Diego Ameixeiras. 978-84-944503-3-2 / 16 € / 268 páxinas. Referente ineludible da novela negra clásica. O *hard-boiled* norteamericano non se explica sen esta creación de Hammett, hoxe de culto. Publicada en outubro de 2016.

40. *O verán sen homes* Siri Hustvedt

Traducida do inglés por Alejandro Tobar. 978-84-945403-4-9 / 16,50 € / 228 páxinas. A narradora comparte con mulleres de distintas vivencias e a súa intelixente mirada sobre a condición feminina. Publicada en outubro de 2016.

41. *As damas verdes* George Sand

Traducida do francés por Xavier Senín. 978-84-945403-6-3 / 13 € / 112 páxinas. Novela fantástica escrita por unha das plumas máis sobranceiras do romantismo francés. Chea de ironía. Publicada en decembro de 2016.

42. *O xogo serio* Hjalmar Söderberg

Traducida do sueco por Marta Dahlgren. 978-84-944503-7-0 / 16 € / 300 páxinas. Literatura de marca maior. Unha das obras máis salientables das letras suecas, cun marco incomparable: Estocolmo hai cen anos. Publicada en decembro de 2016.

43. *Thérèse Raquin* Émile Zola

Traducida do francés por Isabel Soto. 978-84-945403-0-1 / 15 € / 272 páxinas. A fatalidade da carne como motor do desastre. Clásico francés no que os protagonistas enredan nunha espiral vertixinosa. Publicada en abril de 2017.

44. *A viaxe subterránea de Niels K. L. Holberg*

Traducida do latín por Alfonso Blanco. 978-84-945403-8-7 / 15 € / 308 páxinas. Inspiradora da ciencia ficción e a fantasía modernas, é unha novela filosófica que parte do descubrimento dun novo mundo. Publicada en abril de 2017.

45. *e(SP)edición* Juanra Madariaga

Traducida do éuscaro por Isaac Xubín. 978-84-946538-0-3 / 16 € / 220 páxinas. Literatura de montaña inspirada na suba ao curuto do Shisha Pangma, no cordal do Himalaia. Publicada en xullo de 2017.

46. *Detrás da máscara* Louisa May Alcott

Traducida do inglés por Antía Veres. 978-84-946538-1-0 / 15 € / 174 páxinas. Novela sensacionalista, singular na produción da autora. A súa potente protagonista, Jean Muir, é reivindicada pola teoría feminista. Premio Realía e publicada en xullo de 2017.

47. *Os salgueiros* Algernon Blackwood

Traducida do inglés por Alejandro Tobar. 978-84-945403-1-8 / 11,50 € / 80 páxinas. Enmarcado na chamada literatura espectral, o relato comeza coa viaxe en canoa por un Danubio de sombría atmosfera sobrenatural. Publicada en outubro de 2017.

48. *A obra* Bruno Sperani

Traducida do italiano por Isabel Soto. 978-84-946538-1-0 / 14,50 € / 176 páxinas. Historia ambientada en Milán de finais do século XIX. Nunha etapa de cambios urbanos, a historia abala entre a desgraza e a rebelión. Publicada en outubro de 2017.

Catálogo editorial

decembro 2011 - xaneiro 2023



Colección principal

49. *Un mundo distinto e igual* Joseph Hall

Traducida do latín por Alfonso Blanco.
978-84-946538-3-4 / 16 € / 260 páxinas.
Distopía do século XVII considerada unha das máis extravagantes da literatura utópica. Sátira de grande inventiva.
Publicada en decembro de 2017.

50. *Nós* Evgenii Zamiatin

Traducida do ruso por L. Maroño e E. Sherevera.
978-84-946538-8-9 / 16 € / 228 páxinas.
Obra de culto da ciencia ficción rusa. Traza a primeira raia do triángulo que pecharán anos despois Huxley e Orwell.
Publicada en decembro de 2017.

51. *Dos días do porvir* H. G. Wells

Traducida do inglés por Alejandro Tobar.
978-84-946538-6-5 / 14,50 € / 140 páxinas.
Ambiente vitoriano no Londres distópico do XXII. Denuncia do mercantilismo nun logrado ambiente futurista.
Publicada en abril de 2018.

52. *O xogo das cadeiras* Uxue Alberdi

Traducida do éuscaro por Isaac Xubín.
978-84-946538-5-8 / 14,50 € / 116 páxinas.
Novela intimista protagonizada por mulleres cunha vila costeira de Euskal Herria como marco. Carácter fragmentario e estilo directo.
Publicada en abril de 2018.

53. *Unha muller perdida* Willa Cather

Traducida do inglés por Antía Veres.
978-84-943230-6-5 / 12 € / 96 páxinas.
Unha das grandes novelas sobre o desenvolvemento do Vello Oeste dos EUA. Ton evocador e nostáxico.
Publicada en xullo de 2018.

54. *Filibuth ou o reloxo de ouro* Max Jacob

Traducida do francés por Isabel Soto.
978-84-948805-6-8 / 15 € / 162 páxinas.
Obra armada cun estilo arbóreo e diversas técnicas experimentais. Caricaturesca, estrafalaria e burlesca.
Publicada en xullo de 2018.

55. *A impaciencia do corazón* Stefan Zweig

Traducida do alemán por Rosa Marta Gómez Pato.
978-84-948805-8-2 / 19 € / 450 páxinas.
Obra mestra que xira ao redor do concepto de compaixón, nun mundo en declive como o do Imperio austrohúngaro na súa última etapa.
Publicada en outubro de 2018.

56. *Pequena Inglaterra* Ioanna Karistiani

Traducida do grego por Alfonso Blanco.
978-84-948805-7-5 / 16,50 € / 360 páxinas.
Unha das novelas máis vendidas e valoradas da literatura grega contemporánea. Relata as vidas dunha comunidades de pescadores no s. XX.
Publicada en outubro de 2018.

57. *A peste* Albert Camus

Traducida do francés por X. Senín e I. Soto.
978-84-949713-0-3 / 16 € / 332 páxinas.
Alegoría de corte existencialista nada da pluma dun dos meirandes escritores franceses de todos os tempos. Clásico inmorredoiro.
Publicada en decembro de 2018.

58. *A apropiación indebida* Lena Andersson

Traducida do sueco por Marta Dahlgren.
978-84-948805-9-9 / 15 € / 192 páxinas.
Éxito editorial en Suecia traducido a múltiples linguas de todo o mundo. Aborda a ingobernabilidade dos sentimentos humanos.
Publicada en decembro de 2018.

59. *O derradeiro verán* Ricarda Huch

Traducida do alemán por Rosa Marta Gómez Pato.
978-84-949713-1-0 / 14,50 € / 160 páxinas.
Novela epistolar dunha candidata ao Nobel até en sete ocasións. Familia burguesa na convulsa Rusia de comezos do XX.
Publicada en abril de 2019.

60. *O longo adeus* Raymond Chandler

Traducida do inglés por D. Ameixeiras e A. Tobar.
978-84-949713-2-7 / 15 € / 508 páxinas.
Clásico indispensable da novela negra co detective Philip Marlowe como protagonista. Agudo retrato das clases altas norteamericanas.
Publicada en abril de 2019.

61. *A virtude de Checchina* Matilde Serao

Traducida do italiano por Isabel Soto.
978-84-949713-5-8 / 11,50 € / 72 páxinas.
Intelixente retrato de finais do XIX sobre mulleres de gran sensibilidade que rematan por aceptar un destino de infelicidade e resignación.
Publicada en xullo de 2019.

62. *O veo alzado* George Eliot

Traducida do inglés por Alejandro Tobar.
978-84-949713-6-5 / 11,50 € / 82 páxinas.
Novela curta de mediados do XIX que enlaza coa tradición vitoriana do horror psicolóxico.
Armada cunha estrutura circular e moi bo final.
Publicada en xullo de 2019.

63. *O párroco de Vejby* St. Steensen Blicher

Traducida do dinamarqués por Alejandro Tobar.
978-84-949713-8-9 / 11 € / 70 páxinas.
Trátase dunha das doce obras que hoxe conforman o canon da literatura dinamarquesa. Está considerada a precursora do *noir* nórdico.
Publicada en outubro de 2019.

64. *A lúa e seis peniques* W. Somerset Maugham

Traducida do inglés por Alfonso Blanco.
978-84-949713-7-2 / 15,50 € / 328 páxinas.
Sátira dos costumes eduardianos e vitorianos, esta novela está inspirada na vida do pintor francés Paul Gauguin.
Publicada en outubro de 2019.

65. *A xente de Hemsö* August Strindberg

Traducida do sueco por Marta Dahlgren.
978-84-121280-0-0 / 15 € / 184 páxinas.
Unha das novelas realistas máis estimadas pola crítica e o lectorado suecos. Homenaxe ao estilo de vida rural no arquipélago de Estocolmo.
Publicada en decembro de 2019.

66. *As confesiões dunha filla do século* D. Paola

Traducida do italiano por Isabel Soto.
978-84-121280-1-7 / 14,50 € / 178 páxinas.
Novela epistolar artellada a partir de oito cartas que desvelan aos poucos a vida da protagonista.
Publicada en decembro de 2019.

67. *Morrerei outro día* Isabelle Alonso

Traducida do francés por Xabier Ron e Isabel Soto.
978-84-121280-2-4 / 15 € / 324 páxinas.
Retrata con pulso certo os valores republicanos, as arelas e tristuras dos que, coma o protagonista, loitaron contra o escurantismo fascista.
Publicada en abril de 2020.

68. *A honra e os cartos* Konstantinos Theotokis

Traducida do grego por Alfonso Blanco.
978-84-121280-3-1 / 13 € / 102 páxinas.
Obra de trazos naturalistas que se afasta do carácter bucólico e da liña folclorista da literatura helénica predominante a comezos do século XX.
Publicada en abril de 2020.

69. *O caranguexeiro* Takiji Koyabashi

Traducida do xaponés por Gabriel Álvarez.
978-84-121280-4-8 / 14 € / 120 páxinas.
Obra de referencia da literatura proletaria nipoa trasladable a case calquera contexto de abuso e precariedade laboral.
Publicada en xullo de 2020.

70. *O amuleto* Conrad Ferdinand Meyer

Traducida do alemán por Rosa Marta Gómez Pato.
978-84-121280-5-5 / 13 € / 100 páxinas.
Clásico da narrativa breve en alemán. Posúe algúns elementos simbolistas e a carga histórica habitual nas obras de C. F. Meyer.
Publicada en xullo de 2020.

71. *Na néboa* Richard Harding Davis

Traducida do inglés por María Alonso Seisdedos.
978-84-121280-6-2 / 12 € / 80 páxinas.
Hábil e divertida historia detectivesca –só que sen detectives– así como logrado exemplo de novela enigma.
Publicada en outubro de 2020.

72. *A vida na fundición* Rebecca Harding Davis

Traducida do inglés por Alejandro Tobar.
978-84-121280-7-9 / 12 € / 68 páxinas.
Obra que denuncia a realidade industrial dos EUA no século XIX; tivo unha recepción extraordinaria por parte das grandes plumas do momento.
Publicada en outubro de 2020.

Catálogo editorial

decembro 2011 - xaneiro 2023



Colección principal

73. *A nosa Negra* Harriet E. Wilson

Traducida do inglés por María Reimóndez.
978-84-122593-3-9 / 14 € / 124 páxinas.
Novela de relevancia que aborda o problema do maltrato á poboación negra por parte da sociedade branca do s. XIX no norte dos EUA. Publicada en decembro de 2020.

74. *O lector* Bernhard Schlink

Traducida do alemán por David A. Álvarez.
978-84-122593-2-2 / 15 € / 228 páxinas.
Obra de gran peso na literatura europea contemporánea. Reflexiona sobre a barbarie nazi e pinta, en paralelo, unha relación amorosa. Publicada en decembro de 2020.

75. *Gobseck* Honoré de Balzac

Traducida do francés por Isabel Soto.
978-84-122593-5-3 / 13 € / 92 páxinas.
Peza que forma parte da Comedia humana. Afonda na figura do avaro Gobseck e no pasado doutros senlleiros personaxes. Publicada en abril de 2021.

76. *O esmoleiro* Andreas Karkavitsas

Traducida do grego por Alfonso Blanco.
978-84-122593-4-6 / 14,50 € / 184 páxinas.
Clásico naturalista dun grande autor grego moi influenciado polo estilo de Zola e dos narradores rusos. Publicada en abril de 2021.

77. *O obradoiro de vidro* Menis Koumantareas

Traducida do grego por Alfonso Blanco.
978-84-122593-7-7 / 15 € / 152 páxinas.
Novela contemporánea de ambientación urbana que se interpreta como elexía do desencanto dunha xeración que sufriu a Ditadura dos Coroneis. Publicada en xullo de 2021.

78. *As nosas normas* Carl Jonas Love Almqvist

Traducida do sueco por Marta Dahlgren.
978-84-122593-6-0 / 14,50 € / 132 páxinas.
Obra que propiciou unha fonda e acalorada discusión política e literaria ao redor do xénero na Escandinavia do século XIX. Publicada en xullo de 2021.

79. *A historia do bondadoso vello...* Italo Svevo

Traducida do italiano por Isabel Soto.
978-84-122593-2-2 / 15 € / 228 páxinas.
Obra póstuma que salienta pola súa prosa decantada con esmero, a ironía, o humor cruento, o humanismo e a fonda análise dos personaxes. Publicada en outubro de 2021.

80. *O estoico* John Galsworthy

Traducida do inglés por Antía Veres.
978-84-122593-9-1 / 14 € / 152 páxinas.
Novela curta que mostra unha visión crítica da burguesía e constata unha dobre vara de medir en función da clase social. Publicada en outubro de 2021.

81. *Thérèse Desqueyroux* François Mauriac

Traducida do francés por Xavier Senín.
978-84-123933-4-7 / 15 € / 136 páxinas.
Obra ambigua, complexa e dunha gran riqueza literaria recoñecida como unha das doce mellores novelas en francés da primeira metade do s. XX. Publicada en decembro de 2021.

82. *As consecuencias da vella...* Georgios Viziinos

Traducida do grego por Alfonso Blanco.
978-84-123933-3-0 / 14 € / 100 páxinas.
Novela curta que aborda, dende unha perspectiva até certo punto romántica, os desequilibrios provocados por unha paixón amorosa insatisfeita. Publicada en decembro de 2021.

83. *A casa do pai* Karmele Jaio

Traducida do éuscaro por Isaac Xubín.
978-84-123933-6-1 / 16,50 € / 212 páxinas.
Novela epistolar dunha candidata ao Nobel até en sete ocasións. Familia burguesa na convulsa Rusia de comezos do XX. Publicada en abril de 2022.

84. *A educación sentimental* Gustave Flaubert

Traducida do francés por Isabel Soto.
978-84-123933-5-4 / 21 € / 540 páxinas.
Novela distinguida co Premio Euskadi de Literatura. Entre os temas que propón, figuran as complexas relacións entre a masculinidade e o feminismo. Publicada en abril de 2022.

85. *O monstro* Stephen Crane

Traducida do italiano por Iago Nicolás Balleteros.
978-84-123933-8-5 / 14 € / 128 páxinas.
Poderosa *nouvelle* que aborda o racismo padecido pola comunidade afroamericana e retrata a humanidade e a compaixón a través dun dilema ético. Publicada en xullo de 2022.

86. *O castelo Rackrent* Maria Edgeworth

Traducida do inglés por Alejandro Tobar.
978-84-123933-7-8 / 13,50 € / 104 páxinas.
Obra satírica considerada pioneira da literatura histórica anglo-irlandesa. Destaca nela o intelixente uso da figura retórica do dialoxismo. Publicada en xullo de 2022.

87. *O solteirón* Adalbert Stifter

Traducida do alemán por Rosa Marta Gómez Pato.
978-84-123933-9-2 / 15 € / 152 páxinas.
O protagonista deberá emprender unha viaxe até unha illa remota, feito que propiciará a descuberta de segredos longo tempo agochados. Publicada en outubro de 2022.

88. *A curmá Phillis* Elizabeth Gaskell

Traducida do inglés por María Reimóndez.
978-84-126007-0-4 / 15 € / 152 páxinas.
Obra sutil que contrapón a realidade labrega e o mundo industrializado. Salientan a autonomía e a complexidade da personaxe protagonista. Publicada en outubro de 2022.

89. *O neno perdido* Thomas Wolfe

Traducida do inglés por Ignacio Chao.
978-84-126007-1-1 / 14 € / 80 páxinas.
Conmovedora novela curta que, cun requinta-requintado alento lírico, busca recompoñer a personalidade de Grover Wolfe, o neno perdido. Publicada en decembro de 2022.

90. *Os tardeiros* Anita Brookner

Traducida do inglés por Alejandro Tobar.
978-84-126007-2-8 / 15 € / 320 páxinas.
Novela que, partindo do máis de medio século de amizade entre os protagonistas, fala das complicacións da vida adulta. Publicada en decembro de 2022.

Catálogo editorial

decembro 2011 - xaneiro 2023



Vólvense os paxaros contra as escopetas

1. *A lente de diamante* Fitz-James O'Brien

Traducida do inglés por Alejandro Tobar.
978-84-942005-3-3 / 6 € / 52 páxinas.
Relato fantástico de atmosfera inquietante que especula sobre o descoñecido mundo microscópico e os seres que nel habitan.
Publicada en abril de 2014.

2. *A viaxe a Budapest* Daniel Barredo

Traducida do castelán por Alejandro Tobar.
978-84-942005-2-6 / 10 € / 124 páxinas.
Novela irreverente que narra en primeira persoa as vivencias dun inadaptado que se rebela contra as aciagas perspectivas de futuro.
Publicada en abril de 2014.

3. *A industria do sexo e...* Emmanuel Pierrat

Traducida do francés por Marie Abraira.
978-84-942005-0-2 / 10 € / 136 páxinas.
Fábula satírica na que as bretoas Gaëlle e Gwenaëlle viaxan a París para se iniciaren nas prácticas sexuais da modernidade.
Publicada en abril de 2014.

4. *A confesión de Lúcio* Mário de Sá-Carneiro

Traducida do portugués por Benxamín Constante.
978-84-942005-4-0 / 9 € / 112 páxinas.
Novela de gran relevancia no contexto da moderna literatura portuguesa. Emprega os códigos da novela fantástica nun sentido esteticista.
Publicada en abril de 2014.

5. *Micromegas* Voltaire

Traducida do francés por Marie Abraira.
978-84-942005-1-9 / 6 € / 48 páxinas.
Conto filosófico que narra a visita á Terra dun ser procedente dun planeta da estrela Sirius e dun seu compañeiro de Saturno.
Publicada en abril de 2014.

6. *A novela de Violette* Marquesa de Mannoury

Traducida do francés por Marie Abraira.
978-84-942005-9-5 / 8 € / 120 páxinas.
Relato lesbio de iniciación sexual narrado en primeira persoa por unha voz masculina. Obra ponte entre a literatura erótica do XIX e do XX.
Publicada en novembro de 2014.

7. *O soño* Johannes Kepler

Traducida do latín por Alfonso Blanco.
978-84-943230-1-0 / 9 € / 154 páxinas.
Fantasioso relato lunar que parte dos postulados científicos do momento. Fiolxhilde e Duracotus viaxan á Lúa a raíz dun esconxuro máxico.
Publicada en novembro de 2014.

8. *O asasinato da Pont-Rouge* Charles Barbara

Traducida do francés por Marie Abraira.
978-84-943230-7-2 / 10 € / 144 páxinas.
Texto precursor da novela policial. Un misterioso homicidio dá pé a unha moderna reflexión acerca do crime inexpiable.
Publicada en xullo de 2015.

9. *A terra paterna* Patrice Lacombe

Traducida do francés por Marie Abraira.
978-84-944422-0-9 / 6 € / 68 páxinas.
Novela fundadora da corrente rexionalista do Canadá, que dominou a literatura quebequesa entre mediados do XIX e mediados do XX.
Publicada en outubro de 2015.

10. *O doutor Héraclius Gloss* Guy de Maupassant

Traducida do francés por Marie Abraira.
978-84-944422-3-0 / 9 € / 100 páxinas.
Novela curta burleira e mordaz que se interna no mundo da metempsicose a través dun estrafalario personaxe, o doutor Héraclius Gloss.
Publicada en decembro de 2015.

11. *Fosca* Iginio Ugo Tarchetti

Traducida do italiano por Isabel Soto.
978-84-944422-6-1 / 12 € / 280 páxinas.
Novela naturalista de corte romántico e simbólico. O personaxe de Fosca é un dos máis senlleiros que deu a *Scapigliatura*.
Publicada en abril de 2016.

12. *Nova Atlántida* Francis Bacon

Traducida do latín por Alfonso Blanco.
978-84-944422-7-8 / 8 € / 76 páxinas.
Relato de corte utópico e filosófico. Aborda con acerto cuestións tales como a equidade, a corrupción ou a vida conxugal.
Publicada en abril de 2016.

13. *A casa e o cerebro* Edward Bulwer-Lytton

Traducida do inglés por Alejandro Tobar.
978-84-944422-8-5 / 8 € / 76 páxinas.
En palabras de H. P. Lovecraft, trátase dun dos mellores relatos sobre casas encantadas.
Un referente literario do ocultismo.
Publicada en xuño de 2016.

14. *O caderno vermello* Benjamin Constant

Traducida do francés por Marie Abraira.
978-84-945403-5-6 / 8 € / 80 páxinas.
Célebre relato memorialístico centrado nos primeiros vinte anos de vida protagonista. Entre a novela picaresca e a de formación.
Publicada en novembro de 2016.

15. *O nariz dun notario* Edmond About

Traducida do francés por Marie Abraira.
978-84-945403-9-4 / 8 € / 116 páxinas.
A raíz dun ridículo duelo, un notario perde o nariz. Dende o humor, a obra pon de relevo o abano de prexuízos habituais no século XIX.
Publicada en xullo de 2017.

16. *A traba* Mary Cholmondeley

Traducida do inglés por Sabela Tobar e M. Louwen.
978-84-946538-4-1 / 7 € / 60 páxinas.
Novela curta que transcorre no Londres vitoriano e que presenta, no marco das relacións afectivas, o dilema entre sororidade e individualismo.
Publicada en decembro de 2011.

17. *A morte da Terra* J.-H. Rosny o maior

Traducida do francés por Isabel Soto.
978-84-946538-3-4 / 9 € / 128 páxinas.
Novela de ciencia ficción apocalíptica que describe un posible final para a Terra e a desaparición da especie humana.
Publicada en xuño de 2019.

18. *Ourika* Claire de Duras

Traducida do francés por Xavier Senín.
978-84-946538-3-4 / 7 € / 56 páxinas.
Nouvelle sobre unha moza negra que vive no seo dunha familia de aristócratas brancos. Visión feminina pioneira sobre a cuestión racial.
Publicada en xuño de 2019.

19. *Morte en Arán* Tòni Escala

Traducida do aranés por Xabier Ron.
978-84-949713-9-6 / 9 € / 120 páxinas.
Investigación criminal desenvolvida no marco dun nevado e suxestivo Val de Arán. Ficción aranesa contemporánea.
Publicada en outubro de 2019.

20. *A escritora* Madame de Genlis

Traducida do francés por Isabel Soto.
978-84-121280-8-6 / 8 € / 76 páxinas.
Disfrazada a experiencia persoal da autora no mundo das letras mediante un enredo, e aborda as dificultades para as escritoras dos s. XVIII e XIX.
Publicada en outubro de 2019.

21. *A dama de Glenwith Grange* Wilkie Collins

Traducida do inglés por Alejandro Tobar.
978-84-122593-0-8 / 7 € / 60 páxinas.
Elegante melodrama tinguido polo engano e o delito no que o recoñecido autor inglés demostra un gran talento para construír e dosificar a intriga.
Publicada en outubro de 2020.

22. *O home das bonecas* Jean-Louis Renaud

Traducida do francés por Xavier Senín.
978-84-121280-9-3 / 6 € / 50 páxinas.
Estilo requintado, atmosfera lúgubre, erotismo mórbido e paixóns violentas. Un protagonista obsesionado coa súa colección de bonecas.
Publicada en outubro de 2020.

23. *Noventa anos despois* Milovan Glišić

Traducida do serbio por Jairo Dorado Cadilla.
978-84-122593-1-5 / 7 € / 60 páxinas.
Trátase da meirande obra narrativa do autor. Anterior ao *Drácula* de Stoker, é unha valiosa achega á literatura gótica e vampírica.
Publicada en novembro de 2020.

24. *O regreso do meu pobre...* J. A. Dulaure

Traducida do francés por Isabel Soto.
978-84-123933-2-3 / 8 € / 68 páxinas.
Mostra de literatura excéntrica pola temática, unha viaxe á Lúa, e pola estrutura, desdobraemento da voz narrativa e continuas digresións.
Publicada en decembro de 2021.

Catálogo editorial

decembro 2011 - xaneiro 2023



Vólvense os paxaros contra as escopetas

25. *Unha volta polo inferno* Mich Beyer

Traducida do bretón por Robert Neal Baxter.
978-84-123933-1-6 / 12 € / 136 páxinas.

Peza distinguida en 2017 co Premio Sten Kidna de narrativa bretoa. Supón a primeira novela contemporánea en tradución directa do bretón. Publicada en decembro de 2021.

26. *O derradeiro americano* John Ames Mitchell

Traducida do inglés por Iago Nicolás Ballesteros.
978-84-123933-0-9 / 9 € / 76 páxinas.

Obra satírica ambientada nun futuro afastado e, até certo punto, postapocalíptico que anticipa, no século XIX, algunhas claves da Ci-Fi moderna. Publicada en decembro de 2021.